

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10385 *Lei 6/2012, do 1 de agosto, de modificación da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, para flexibilizar os modos de xestión dos servizos públicos de comunicación audiovisual autonómicos.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, no seu artigo 40, define o servizo público de comunicación audiovisual como un servizo esencial de interese económico xeral que ten como misión difundir contidos que fomenten os principios e valores constitucionais, contribuír á formación dunha opinión pública plural, dar a coñecer a diversidade cultural e lingüística de España e difundir o coñecemento e as artes, con especial incidencia no fomento dunha cultura audiovisual. Así mesmo, os provedores do servizo público de comunicación audiovisual deben atender aqueles cidadáns e grupos sociais que non son destinatarios da programación maioritaria.

En particular, o punto tres deste artigo establece que o Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais poderán acordar a prestación do servizo público de comunicación audiovisual co obxecto de emitir en aberto canles xeneralistas ou temáticas.

A situación económica e a necesidade por parte do conxunto das administracións públicas de acometer actuacións que faciliten a consolidación orzamentaria e o saneamento das contas públicas aconsella dotar as comunidades autónomas de maior flexibilidade na prestación do seu servizo de comunicación audiovisual.

Por este motivo, coa modificación presentada, as comunidades autónomas poderán decidir sobre a prestación do servizo público de comunicación audiovisual, podendo optar pola xestión directa ou indirecta deste a través de distintas fórmulas que inclúan modalidades de colaboración público-privada. Se deciden non prestar o servizo público de comunicación audiovisual, as comunidades autónomas poderán convocar os correspondentes concursos para a adxudicación de licenzas.

Ademais, as comunidades autónomas que viñesen prestando o servizo público de comunicación audiovisual poderán transferilo a un terceiro de acordo coa súa lexislación específica.

En todos os supostos recollidos nesta lei, tanto as empresas como as administracións públicas involucradas deberán respectar a Directiva de comunicación audiovisual e o resto de normativa europea en materia de servizos de interese económico xeral, de axudas estatais e de servizos públicos de radiodifusión.

En consonancia con estes cambios, introdúcese modificacións no réxime limitativo que teñen os provedores do servizo público na participación no capital social doutros provedores privados do servizo de comunicación audiovisual.

Como medida adicional de flexibilidade, permítese que os provedores de servizo público de ámbito autonómico establezan acordos para a produción ou edición conxunta de contidos co obxecto de mellorar a eficiencia da súa actividade.

Co fin de garantir un mellor cumprimento da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establécense unha serie de

obrigas aos provedores de titularidade pública do servizo público de comunicación audiovisual de ámbito autonómico, entre as que cabe destacar a fixación dun límite máximo de gasto para o exercicio económico de que se trate que non poderá excederse ou a obriga de presentar un informe anual no cal se poña de manifesto que a xestión destas televisións se adecua aos principios da citada lei orgánica.

Estas modificacións da Lei xeral da comunicación audiovisual non son aplicables á Corporación de Radio e Televisión Española, S.A., xa que ten a súa propia lei específica, a Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, cuxo artigo 7.5, na redacción dada precisamente pola propia Lei xeral da comunicación audiovisual, e que non se modifica mediante a presente lei, establece que a dita corporación non poderá ceder a terceiros a produción e edición dos programas informativos e daqueles que expresamente determine o mandato marco.

Por último, a disposición adicional recolle as peculiaridades de aplicación do punto 8 bis introducido nesta lei no artigo 43 da Lei xeral da comunicación audiovisual ás facendas forais de Navarra e do País Vasco.

Artigo único. *Modificación da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.*

A Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, modifícase como segue:

Un. Modifícanse os puntos 2 e 5 do artigo 7, que pasan a ter a seguinte redacción:

«2. Está prohibida a emisión de contidos audiovisuais que poidan prexudicar seriamente o desenvolvemento físico, mental ou moral dos menores e, en particular, a aqueles programas que inclúan escenas de pornografía, maltrato, violencia de xénero ou violencia gratuíta.

Aqueloutros contidos que poidan resultar prexudiciais para o desenvolvemento físico, mental ou moral dos menores só poderán emitirse en aberto entre as 22 e as 6 horas, e deberán ir sempre precedidos por un aviso acústico e visual, segundo os criterios que fixe a autoridade audiovisual competente. O indicador visual deberá manterse ao longo de todo o programa no cal se inclúan os ditos contidos. Cando este tipo de contidos se emita mediante un sistema de acceso condicional, os provedores do servizo de comunicación audiovisual deberán incorporar sistemas de control parental.

Así mesmo, establécense tres franxas horarias consideradas de protección reforzada, tomando como referencia o horario peninsular: entre as 8 e as 9 horas e entre as 17 e as 20 horas, no caso de días laborables, e entre as 9 e as 12 horas sábados, domingos e festas de ámbito estatal. Os contidos cualificados como recomendados para maiores de 13 anos deberán emitirse fóra desas franxas horarias, mantendo ao longo da emisión do programa que os inclúe o indicativo visual da súa cualificación por idades.

Será de aplicación a franxa de protección horaria de sábados e domingos aos seguintes días: 1 e 6 de xaneiro, Venres Santo, 1 de maio, 12 de outubro, 1 de novembro e 6, 8 e 25 de decembro.

Todos os provedores de servizos de comunicación audiovisual televisiva, incluídos os de a pedimento, utilizarán, para a clasificación por idades dos seus contidos, unha codificación dixital que permita o exercicio do control parental. O sistema de codificación deberá estar homologado pola autoridade audiovisual.

Os programas dedicados a xogos de azar e apostas soamente poden emitirse entre a 1 e as 5 da mañá. Aqueles con contido relacionado co esoterismo e as paraciencias só se poderán emitir entre as 22 horas e as 7 da mañá. En todo caso, os provedores do servizo de comunicación audiovisual terán responsabilidade subsidiaria sobre as fraudes que se poidan producir a través destes programas.

Quedan exceptuados de tal restrición horaria os sorteos das modalidades e produtos de xogo con finalidade pública.

En horario de protección ao menor, os provedores do servizo de comunicación audiovisual non poderán inserir comunicacións comerciais que promovan o culto ao corpo e o rexeitamento á autoimaxe, tales como produtos adelgazantes, intervencións cirúrxicas ou tratamentos de estética, que apelen ao rexeitamento social pola condición física ou ao éxito debido a factores de peso ou estética.»

«5. Cando se realice o servizo de comunicación audiovisual mediante un catálogo de programas, os provedores deberán elaborar catálogos separados para aqueles contidos que poidan prexudicar seriamente o desenvolvemento físico, mental ou moral dos menores. Para estes efectos os provedores establecerán dispositivos, programas ou mecanismos eficaces, actualizables e fáciles de utilizar que permitan o control parental a través do bloqueo aos contidos prexudiciais para os menores, de forma que estes non poidan acceder aos contidos que non estean dirixidos a eles.»

Dous. Suprímense os parágrafos terceiro e cuarto do punto 1 do artigo 40.

Tres. O actual punto 3 do artigo 40 pasa a ser o punto 4, e os puntos 2 e 3 quedan redactados do seguinte xeito:

«2. O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais poderán acordar a prestación do servizo público de comunicación audiovisual co obxecto de emitir en aberto canles xeneralistas ou temáticas, en función das circunstancias e peculiaridades concorrentes nos ámbitos xeográficos correspondentes e dos criterios establecidos no punto anterior.

Os órganos competentes de cada comunidade autónoma decidirán dentro das múltiples dixitais que se lles reserven, as canles dixitais de ámbito autonómico que serán explotadas polo servizo público de comunicación audiovisual televisiva e as que serán explotadas por empresas privadas en réxime de licenza.

As comunidades autónomas que acorden a prestación do servizo público de comunicación audiovisual determinarán os seus modos de xestión, que poderán consistir, entre outras modalidades, na prestación do servizo de maneira directa a través dos seus propios órganos, medios ou entidades, na atribución a un terceiro da xestión indirecta do servizo ou da produción e edición dos distintos programas audiovisuais, ou na prestación deste a través doutros instrumentos de colaboración público-privada, de acordo cos principios de publicidade, transparencia e concorrencia, así como non discriminación e igualdade de trato. Así mesmo, as comunidades autónomas poderán acordar transformar a xestión directa do servizo en xestión indirecta, mediante o alleamento da titularidade da entidade provedora do servizo, que se realizará conforme os principios citados anteriormente.

3. As comunidades autónomas poderán convocar, a través dos seus órganos competentes, os correspondentes concursos para a adxudicación de licenzas audiovisuais nos termos do disposto no artigo 27 desta lei.

As comunidades autónomas que viñesen prestando o servizo público de comunicación audiovisual poderán transferir, unha vez transformada en licenza audiovisual, a habilitación para prestar este servizo de acordo co procedemento establecido na súa lexislación específica.

As persoas físicas ou xurídicas ás cales se lles encomende a xestión indirecta do servizo ou a prestación deste a través de instrumentos de colaboración público-privada estarán suxeitas ao cumprimento dos artigos 40.1 e 41 desta lei. Tanto estas como os novos licenciarios aos cales se lles transfira a habilitación para prestar o servizo de comunicación audiovisual, deberán cumprir todos os requisitos e limitacións establecidos na lexislación para ser titular dunha licenza individual.»

Catro. Engádesse un novo punto 5 ao artigo 40, que queda redactado do seguinte xeito:

«5. Os provedores do servizo público de comunicación audiovisual de ámbito autonómico poderán establecer acordos entre si para a produción ou edición conxunta de contidos, a adquisición de dereitos sobre contidos ou noutros ámbitos, co obxecto de mellorar a eficiencia da súa actividade. Igualmente, poderán establecer acordos coa Corporación RTVE para o dito fin.»

Cinco. Modifícase o punto 1 do artigo 42, que queda redactado do seguinte xeito:

«1. Os provedores de titularidade pública do servizo público de comunicación audiovisual, as administracións públicas así como calquera entidade dependente delas ou sociedades sobre as que calquera das anteriores exerza o control, nos termos do artigo 42 do Código de comercio, non poderán participar no capital social de provedores privados do servizo de comunicación audiovisual. Non obstante, cando de acordo co disposto no artigo 40.2 se acorde a prestación do servizo público de comunicación audiovisual mediante xestión indirecta ou outros instrumentos de colaboración público-privada, as comunidades autónomas poderán participar no capital social do provedor do seu servizo público.

As comunidades autónomas non poderán participar, directa ou indirectamente, no capital social dos titulares de licenza do servizo de comunicación audiovisual.»

Seis. Engádesse un punto 8 bis ao artigo 43, que queda redactado da maneira seguinte:

«8. bis. Para garantir un mellor cumprimento da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, os provedores de titularidade pública do servizo público de comunicación audiovisual de ámbito autonómico deberán cumprir coas obrigas seguintes:

a) Anualmente aprobarase un límite máximo de gasto para o exercicio económico correspondente que non se poderá exceder.

b) A memoria e o informe de xestión das contas anuais farán unha referencia expresa ao cumprimento do equilibrio e sustentabilidade financeiros.

Se excepcionalmente as contas non están en equilibrio financeiro, os provedores de titularidade pública do servizo público de comunicación audiovisual presentaranlle ao órgano competente da comunidade autónoma para a súa aprobación unha proposta de redución de gastos para o exercicio seguinte igual á perda ou déficit xerado.

As achegas patrimoniais, contratos programas, encomendas, convenios ou calquera entrega da comunidade autónoma en favor, directa ou indirectamente, dos provedores de titularidade pública do servizo público de comunicación audiovisual requirirán a posta en marcha da redución de gastos aprobada.

c) Antes do 1 de abril de cada ano, deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma un informe no cal se poña de manifesto que a xestión do exercicio inmediato anterior se adecua aos principios da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

d) As comunidades autónomas establecerán os sistemas de control, incluídas auditorías operativas, que permitan a adecuada supervisión financeira dos seus provedores de titularidade pública do servizo público de comunicación audiovisual con especial atención ao equilibrio e sustentabilidade orzamentaria.

Para estes efectos, entenderase por auditoría operativa o exame sistemático e obxectivo das operacións e os procedementos realizados pola entidade co obxecto de proporcionar unha valoración independente da súa racionalidade económico-financiera e a súa adecuación aos principios da boa xestión, co fin de detectar as

súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións oportunas para a corrección daquelas.»

Disposición adicional. *Facendas forais.*

1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto no punto 8 bis do artigo 43 desta lei levarase a cabo, segundo o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, conforme o disposto no convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.

2. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco do disposto no punto 8 bis do artigo 43 desta lei entenderase sen prexuízo do disposto na Lei do concerto económico.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de agosto de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY